



Confederación Inter Sindical Galega  
ADMINISTRACION PUBLICA

C.I.G. - AXENCIA TRIBUTARIA

## CONCURSOS

### CONCURSO CTH

A Comisión de Valoración do concurso do Corpo Técnico de Facenda continuará o vindeiro día 9 de febreiro. Temos a vosa disposición os listados actualizados a día 2 de febreiro.

Estes listado aínda ten multitude de erros nas valoracións (e menos mal que son puntuacións obxetivas, como a antigüidade, traballo desenvolvido...). A día de hoxe hai moísimas renuncias por tramitar e incluso solicitudes sen grabar (procedentes de persoal doutros Ministerios). Se precisades algunha aclaración, contactade con nós.

### CONCURSO AXENTES FACENDA PÚBLICA

No día de hoxe reuniuse a Comisión de Valoración deste concurso que continuará mañá día 4 de febreiro. Detectamos, nos listados facilitados, moitos erros nos apartados de traballo desenvolvido e tamén na adxudicación das prazas en caso de empate na puntuación. A Administración alega que foi un erro da aplicación informática, xa que non se volcaron correctamente todos os datos. Non podemos entender que haxa estes erros con información que xa debía figurar correctamente nas súas bases de datos (como antigüidade, grado, complemento específico...). Revisade ben as vosas puntuacións e se queredes facer algunha reclamación temos a vosa disposición un modelo de escrito para que presentedes.

### CONCURSO DE VIXILANCIA ADUANEIRA (Mobilidade xeográfica)

Como xa viña sendo habitual nestas últimas semanas, preguntamos de novo polas datas previstas para a convocatoria deste concurso. **A última información ao respecto sinala que vai remitirse a convocatoria do concurso ao Boletín Oficial do Estado para a súa publicación pola vía de urxencia, xa que a sinatura do concurso por parte do Director Xeral da Axencia está prevista para estes días.** Esperamos que esta semana faciliten o borrador coas prazas a convocar, que xa remitiremos debidamente.

#### CIG-AEAT:

**DELEGACIÓN AEAT A CORUÑA**

Comandante Fontanes, 10-sót. - A Coruña

TELF: 981 61 68 89-EXT.: 868 89//FAX 981 12 72 22

cigaeat@gmail.com

**WWW.CIGAEAT.COM**